

Os concursantes, polo feito de concursar, aceptan as bases do concurso. Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado

O/A Gañador/a do Concurso non se poderá presentar nas vindeiras 2 edicións

IX Concurso de Pintura "Cidade de Narón"

- Habrá unha categoría: adultos, a partir dos 16 anos.
- A categoría infantil (ata 15 anos) será un certame fóra de concurso.
- A obra será orixinal, podéndose presentar unha obra por autor.
- Non se poderán presentar obras premiadas noutros certames.
- A temática será libre.
- A técnica e estilo serán libres.

Formato:

- Os cadros deberán estar enmarcados ou protexidos con listón e acondicionados para a súa exposición.
- As medidas do lenzo non poderán superar 1,50 m por cada lado.
- As obras presentaranse sen sinatura (as presentadas con sinatura tapada quedarán fóra de concurso), acompañadas dun sobre pechado onde constarán os seguintes datos: Nome e apelidos do autor. Enderezo, teléfono e correo electrónico. Título do cadro, data de execución e técnica. Fotocopia do DNI (por ambas as dúas caras) ou documento acreditativo.
- As obras presentadas serán seleccionadas por un xurado, pasarán á fase final do concurso e serán expostas. Farase entrega dun diploma acreditativo a todas

as persoas seleccionadas para a fase final. Exporanse un máximo de 30 obras, podendo ser ampliado o número polo xurado.

- As obras serán depositadas no Pazo da Cultura de Narón, rúa Holanda s/n, 15570. Narón, dende o día 30 de outubro ata o día 10 de novembro en horario de 09:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00h.
- A exposición das obras finalistas será dende o día 13 de novembro ao día 23 de novembro en horario de 09:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h, todos os días; e ademais de 10:00 a 14:00 h os sábados.
- A entrega de premios terá lugar o día 23 de novembro ás 20:00 h no Pazo da Cultura de Narón
- A retirada das obras farase o día da entrega de premios, unha vez clausurado o concurso.
- O xurado estará composto por tres profesionais de recoñecido

prestixio nas artes plásticas e un/ha representante municipal que actuará como secretario/a. A composición do xurado darase a coñecer ao comezo da fase de selección.

- O ditame do xurado será inapelable.

Premios

- As obras gañadoras do primeiro, segundo e terceiro premio pasarán a ser propiedade do Padroado da Cultura do Concello de Narón.
- O/a gañador/a do concurso non poderá presentarse nas vindeiras 2 edicións do concurso.
- O/a autor/a que resulte gañador/a do primeiro premio, terá dereito a unha exposición de 15 días da súa obra no Pazo da Cultura. As condicións e datas serán fixadas polo Padroado de Cultura.

Do 30 de outubro ao
23 novembro 2017

PAZO DA CULTURA

Entrega de premios: 23 de novembro
ás 20:00 h



Pode escanear este código ou ben acceder directamente á seguinte web para descargar a ficha de inscrición:
www.padroadodecultura.es

IX Concurso de Pintura Cidade de Narón



Padroado da Cultura
Concello de Narón

- Os concursantes, polo feito de concursar, aceptan estas bases.
- O xurado resérvase o dereito a declarar o premio deserto se considera que as obras presentadas non acadan o nivel requirido.
- A obra gañadora nesta edición será base do cartel da seguinte do concurso.
- Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado.

Categorías

Infantil /Xuvenil	
Todos os participantes	Detalle participativo
Adultos:	
Primeiro premio:	1.500 Euros
Segundo premio:	750 Euros
Terceiro premio:	400 Euros
Premio especial Francisco Criado (Incompatible con outros premios)	200 Euros
Os premios están sometidos ás retencións que marca a lei	